

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

*Resolución do 8 de xuño de 2007, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o lugar e a data de realización dos exercicios da fase de oposición do proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario deste organismo.*

O número 4 da base sexta da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro) polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, prevé que os exercicios de oposición da fase de selección se realizarán nun lugar e á hora anunciada no *Diario Oficial de Galicia*, cun mínimo de cinco días naturais de antelación, polo que, este centro directivo,

#### RESOLVE:

Primeiro.-Convocar os aspirantes admitidos con carácter definitivo na fase de oposición do concurso-oposición para o ingreso nas categorías de alergoloxía, análises clínicas, anatomía patolóxica, anestesioloxía e reanimación, ansioloxía e cirurxía vascular, aparello dixestivo, cardioloxía, cirurxía cardiovascular, cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía plástica, estética e reparadora, cirurxía xeral e aparello dixestivo, dermatoloxía médica, cirurxía e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, farmacéutico de atención primaria, farmacia hospitalaria, hematoloxía e hemoterapia, inmunoloxía, medicina do traballo, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina interna, medicina nuclear, medicina preventiva e saúde pública, médico de familia, médico de urxencias hospitalarias, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, pneumoloxía, neurocirurxía, neurofisioloxía clínica, neuroloxía, obstetricia e xinecoloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica, oncoloxía radioterápica, otorrinolaringoloxía, pediatras de atención primaria, pediatría e as súas áreas específicas, psicoloxía clínica, psiquiatría, radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria, reumatoloxía, traumatoloxía e cirurxía ortopédica, uroloxía e xeriatria de persoal estatutario do Servizo Galego

de Saúde, dos diversos procesos selectivos convocados polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e das diversas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro), para a realización dos exercicios o vindeiro día 30 de xuño de 2007, ás 9.30 horas.

Segundo.-Os exercicios realizaranse no recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra).

Os aspirantes terán que ir provistos necesariamente do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e de bolígrafo azul ou negro.

Non se permitirá no recinto onde se realice o exercicio o acceso e posesión de teléfonos móbiles, axendas electrónicas e calquera outro soporte con memoria.

Terceiro.-O chamamento é único, polo que se excluíra deste proceso a quen non compareza por calquera causa.

De conformidade co establecido no segundo parágrafo do número 4 da base sexta da convocatoria e no artigo 15 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, realizaranse os diversos exercicios, na mesma data, para a mesma categoría en unidade de acto. Así, en atención a necesidades organizativas e dado o seu carácter non eliminatorio, executarase en primeiro lugar o exercicio de coñecemento da lingua galega e a continuación, en unidade de acto, o exercicio sobre o contido do programa.

Cuarto.-Esta resolución poderá ser impugnada polos interesados nos termos previstos no número 2 da base décima da citada convocatoria.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2007.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

*Anuncio do 22 de maio de 2007, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, polo que se procede a dar publicidade á resolución da mesma data pola que se convoca a provisión dun posto vacante de coordinador de Área de Atención Primaria para Odontostomatoloxía.*

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño) pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de persoal de xestión e servizos e demais lexislación concordante e no uso das atribucións conferidas polo artigo 3 da devandita orde e artigo 5.1º j) da Orde do